

SE QUERES SER UN COIDADOR RESPONSABLE
QUE POIDA GARANTIR AO NOVO MEMBRO
DA FAMILIA A CALIDADE DE VIDA QUE SE MERECE,
asegúrate de que....

1

**Coñeces as implicacións
que terá na túa vida**

2

**Es consciente de
a responsabilidade que supón**

3

Dispoñes de tempo e espazo

4

**Informácheste sobre as
características, carácter e vitalidade
do animal**

5

**O entusiasmo por compartir a túa vida
cun animal non é pasaxeiro.**



**A tenencia responsable
é un compromiso para toda
a vida do animal**

Pénsao!



Edita: ©Ministerio de Derechos Sociales, Consumo y Agenda 2030
2025 - Secretaría General Técnica
<https://cpage.mpr.gob.es/>
NIPO en línea: 233-25-004-X
Diseño e maquetaxe: Grupo Asis Biomedica S.L.



*Consellos prácticos para unha tenencia
responsable*

**Constrúe o fogar
que necesitan**

Por unha tenencia responsable



Consellos prácticos para unha tenencia responsable



CANS



- ▶ A **esperanza de vida** oscila entre 10 e 13 anos. Canto máis pequena é a raza, máis tempo adoitan vivir.
- ▶ A **conduta exploratoria** enriquece moito as súas vidas xa que poden recoñecer a persoas e a outros animais a través dos cheiros.
- ▶ É importante **evitar** que consuman cebola, chocolate, uvas ou noces.
- ▶ Existen profesionais que se dedican a estudar a **conduta** dos animais, chamados etólogos, e que che poden axudar a mellorar a convivencia co teu can.
- ▶ As sesións de adestramento **e xogo** permiten controlar mellor a súa conduta e potencia o vínculo, a comunicación e o desenvolvemento do cerebro do can.
- ▶ **Se vas viaxar**, ten presente que existen residencias autorizadas que poderán coidar do teu can de maneira responsable.




ANIMAIS EXÓTICOS



- ▶ A **esperanza de vida** varía moito segundo a especie, dende os 3 anos que adoitan vivir os hámsteres, ata os 50 anos que poden chegar a vivir os papagaios.
- ▶ Existen **veterinarios especializados** en garantir a saúde dos animais exóticos.
- ▶ Resulta beneficioso proporcionarlles un **recuncho** onde o animal poida esconderse comodamente.
- ▶ Debes asegurarte de que a **tenencia do animal** está permitida pola normativa en vigor.

GATS



- ▶ A **esperanza de vida** oscila entre 12 e 18 anos.
- ▶ Deberás instalar **elementos de protección**, como redes, en xanelas terrazas e balcóns para evitar que se precipiten ao baleiro.
- ▶ Encántalles ter acceso a unha fonte de **auga corrente**.
- ▶ Os **rascadores-torre** resultan indispensables para os gatos, xa que lles permiten rascar, serven como plataforma elevadora e é un gran centro de xogos.
- ▶ Pode ser positivo dispoñer de dous ou máis **caixas de area** por cada gato, ben separadas en distintos puntos da casa.
- ▶ **Se vas viaxar**, é importante que saibas que os gatos prefiren quedar na súa casa e que alguén os coide.



- ▶ **Tapar o transportador**, terrario ou gaiola pode minimizar a tensión que sofren os animais durante a viaxe ao veterinario.
- ▶ **Se vas viaxar**, asegúrate que alguén comproba regularmente que non se produciron avarías ou cortes de subministración enerxética que podan afectar o funcionamento dos sistemas de mantemento automáticos dos acuarios ou terrarios.

